

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*DECRETO 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece os principios xerais que deben rexer o sistema educativo, e no seu artigo 46, que a definición do contido das ensinanzas artísticas superiores, así como a súa avaliación, farase no contexto da ordenación da educación superior española no marco europeo. Así mesmo, no seu artigo 58.1, establece que lle corresponde ao Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas e ao Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, definir a estrutura e o contido básicos dos diferentes estudos de ensinanzas artísticas superiores regulados na lei.

En virtude da citada lei orgánica, publicouse o Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas na dita lei. Conforme o artigo 11 deste, o Goberno definirá, de acordo coas directrices establecidas no real decreto, e logo de consulta ás comunidades autónomas e ao Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, o contido básico ao que deberán adecuarse os plans de estudos conducentes á obtención dos títulos superiores de Ensinanzas Artísticas nas correspondentes especialidades, que se referirá ás competencias, materias e aos seus descritores, contidos e número de créditos correspondentes. Así mesmo, establece dito artigo que as administracións educativas, no ámbito das súas competencias, aprobarán o plan de estudos correspondente a cada título, de acordo co establecido no real decreto, debendo publicarse os ditos plans de estudos nos respectivos boletíns oficiais.

En desenvolvemento das previsións do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, promulgouse o Real decreto 633/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Deseño establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Por outra banda, o Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, establece o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES).

Finalmente, o Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, regula a expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei



orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no que se fixa o modelo do suplemento europeo ao título de ensinanzas artísticas superiores.

Xa que logo, e co fin de dar cumprimento ao artigo 23 do Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no curso académico 2010/2011 iniciouse a implantación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño coa publicación da Orde do 30 de setembro de 2010 pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.

En consecuencia, iniciada a implantación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño, cómpre agora desenvolver plenamente a normativa aplicable a través do presente decreto, que ten por obxecto establecer, vista a proposta dos centros, o plan de estudos e, entre as súas finalidades, a de deseñar estes con identidade propia e adaptados ás particularidades dos centros que os imparten, que aproveiten eficazmente os seus recursos humanos e materiais, en función da súa tradición pedagóxica e do seu contorno sociocultural, con criterios de rigor, calidade e excelencia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, logo dos ditames do Consello Escolar de Galicia e de Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores, de acordo co Consello Consultivo, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e nove de outubro de dous mil quince,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. O presente decreto ten por obxecto establecer o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño, ao abeiro do disposto no Real decreto 633/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Deseño establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. O presente decreto será de aplicación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.



## Artigo 2. *Centros de ensinanzas artísticas superiores de Deseño*

1. Os estudos superiores de Deseño cursaranse nos centros superiores de Deseño.
2. Así mesmo, as ensinanzas artísticas oficiais de máster reguladas no Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, impartiranse nos ditos centros. Os estudos de doutoramento regulados no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, poderán impartirse nas escolas superiores de Deseño mediante convenios coas universidades. A competencia para subscribir os ditos convenios corresponde á consellería competente en materia de educación.
3. A consellería competente en materia de educación establecerá medidas que favorezan a autonomía pedagóxica, de organización e de xestión da que dispoñen estes centros para o exercicio das súas actividades docentes, investigadoras e de difusión do coñecemento, co fin de garantir o cumprimento das súas funcións como centros educativos superiores do Espazo Europeo de Educación Superior.
4. Os centros de ensinanzas artísticas superiores de Deseño fomentarán programas de investigación científica e técnica propios desta disciplina, para contribuír á xeración e difusión do coñecemento e á innovación no dito ámbito. A consellería competente en materia de educación establecerá os mecanismos axeitados para que estes centros poidan realizar ou dar soporte á investigación científica e técnica, que lles permita integrarse no Sistema Español de Ciencia e Tecnoloxía.

## Artigo 3. *Finalidade das ensinanzas artísticas superiores de Deseño e perfil profesional*

1. As ensinanzas artísticas superiores de Deseño terán como obxectivo a formación cualificada de profesionais no ámbito do deseño, capaces de comprender, definir e optimizar os produtos e servizos do deseño nos seus diferentes ámbitos, dominar os coñecementos científicos, humanísticos, tecnolóxicos e artísticos e os métodos e procedementos asociados a eles, así como xerar valores de significación artística, cultural, social e ambiental, en resposta aos cambios sociais e tecnolóxicos que se vaian producindo.
2. O perfil do/a titulado/a superior de Deseño corresponde ao/á dun/dunha profesional cualificado/a capaz de concibir, fundamentar e documentar un proceso creativo a través do dominio dos principios teóricos e prácticos do deseño e da metodoloxía proxectual, capaz de integrar as diversas linguaxes, as técnicas e as tecnoloxías na correcta materialización de mensaxes, ambientes e produtos e significativos.



3. Os/as titulados/as Superiores de Deseño estarán capacitados/as para o exercicio da creación e da investigación.

Artigo 4. *Título superior de Deseño e especialidades*

1. A superación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño dará lugar á obtención do título superior de Deseño, especificando a especialidade correspondente, que queda incluído para todos os efectos no nivel 2 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior e será equivalente ao título universitario de grao.

2. As especialidades das ensinanzas artísticas superiores de Deseño que se desenvolven no presente decreto son as seguintes: gráfico, interiores, moda e produto.

Artigo 5. *Acceso e proba específica*

1. Para o acceso ás ensinanzas oficiais conducentes ao título Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, requirirase cumprir os requisitos establecidos no artigo 57.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 12 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro.

2. Para os/as maiores de dezoito anos de idade que non cumpran os requisitos establecidos no artigo 12 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, a consellería competente en materia de educación, a través da dirección xeral correspondente, regulará, convocará e organizará unha proba anual que acredite que o/a aspirante posúe os coñecementos, habilidades e aptitudes necesarios para cursar con aproveitamento as correspondentes ensinanzas.

3. A proba específica de acceso a estes estudos terá como finalidade valorar a madurez, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas.

4. A consellería competente en materia de educación, a través da dirección xeral correspondente, convocará, organizará, desenvolverá e avaliará, con carácter anual, unha proba específica de acceso a estes estudos.

5. A superación da proba á que fai referencia o punto anterior, faculta, unicamente, para matricularse no curso académico para a que fose convocada.

6. De acordo co establecido no artigo 5.7 do Real decreto 633/2010, do 14 de maio, poderá acceder directamente ás ensinanzas artísticas superiores de Deseño, sen necesidade



de realizar a proba específica de acceso, quen estea en posesión do título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño, na porcentaxe que a consellería competente en materia de educación determine.

*Artigo 6. Contido do plan de estudos conducentes á obtención do título superior de Deseño*

1. As ensinanzas artísticas superiores de Deseño abranguerán unha formación básica e unha formación especializada orientada á preparación para o exercicio profesional. Para a consecución da dita finalidade, estes estudos desenvolverán de xeito integrador capacidades artísticas, científicas e tecnolóxicas.

2. As competencias transversais, xerais e específicas e os perfís profesionais definidos para cada unha das especialidades son os establecidos nos anexos.

3. O plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño que se establece no decreto abrangue, para cada unha das especialidades, 4 cursos académicos cun total de 240 créditos.

4. Cada un dos cursos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño terá 60 créditos ECTS, cunha equivalencia de 25 horas por crédito, e a súa duración será de 38 semanas, incluíndo os períodos lectivos e os dedicados a outras actividades presenciais.

5. O curso será a unidade temporal de organización académica e abranguerá os períodos de impartición de docencia presencial e os períodos dedicados á realización de probas de avaliación.

*Artigo 7. Plan de estudos*

1. O plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño, establécese nos anexos.

2. Os centros educativos determinarán que disciplina ou disciplinas se impartirán nunha lingua estranxeira para garantir a adquisición da competencia transversal correspondente, seguindo as directrices que para tal fin establece a consellería competente en materia de educación.

3. O principio de igualdade entre mulleres e homes integrarase de xeito transversal no desenvolvemento e na aplicación polos centros do plan de estudos establecido no decreto.



### Artigo 8. *Creación de novas especialidades*

A consellería competente en materia de educación, unha vez vista a proposta dos centros, poderá propor a creación de novas especialidades, nos termos establecidos no artigo 8 do Real decreto 633/2010, do 14 de maio.

### Artigo 9. *Avaliación*

1. De conformidade co artigo 9.1 do Real decreto 633/2010, do 14 de maio, a avaliación do proceso de aprendizaxe do/a estudante basearase no grao e nivel de adquisición e consolidación das competencias transversais, xerais e específicas definidas para estes estudos.

2. A avaliación será continuada, diferenciada por disciplinas e terá un carácter integrador en relación coas competencias definidas para cada unha delas no plan de estudos. A avaliación e a cualificación do traballo fin de estudos será única e requirirá ter aprobadas a totalidade das disciplinas que integran o plan de estudos.

3. Os criterios de avaliación establécense no anexo I e serán obxecto de concreción nas guías docentes, debendo ser obxectivables e mensurables de acordo cos parámetros que os centros definan para tal efecto.

4. A obtención dos créditos correspondentes a unha disciplina requirirá superar as correspondentes probas de avaliación ou exames.

5. A obtención do título superior de Deseño requirirá a superación da totalidade das disciplinas, as prácticas e o traballo de fin de estudos que constitúen o plan de estudos.

6. Correspóndelle á consellería competente en materia de educación a regulación do proceso de avaliación e dos sistemas de cualificación, así como o establecemento dos documentos oficiais correspondentes de avaliación, respectando, na regulación que se poida efectuar dos sistemas de cualificación, o disposto no artigo 5 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro.

### Artigo 10. *Recoñecemento e transferencia de créditos*

Para a transferencia e recoñecemento de créditos nas ensinanzas artísticas superiores de Deseño haberá que averse ao disposto no artigo 10 do Real decreto 633/2010, do 14 de maio, e no artigo 6 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, así como nas normas



que, en desenvolvemento destas previsións, dite a consellería competente en materia de educación.

*Artigo 11. Participación en programas de mobilidade de estudantes e profesores/as e prácticas dos/as estudantes*

1. A consellería competente en materia de educación establecerá medidas que faciliten o intercambio e a mobilidade dos/as estudantes, titulados/as e profesorado das ensinanzas artísticas superiores de Deseño no Espazo Europeo de Educación Superior, dentro dos programas europeos existentes conforme a súa propia normativa. A consellería competente en materia de educación tamén poderá crear outros programas de carácter específico para estas ensinanzas.

2. A consellería competente en materia de educación, ou os centros de ensinanzas artísticas superiores de Deseño, fomentarán a sinatura de convenios de cooperación con institucións e empresas, co fin de impulsar a mobilidade e o intercambio de profesores/as, investigadores/as e estudantes destas ensinanzas, e para a realización de prácticas externas por parte do alumnado que cursa estas ensinanzas.

*Disposición adicional primeira. Alumnado con discapacidade*

1. No marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.

2. A consellería competente en materia de educación adoptará as medidas oportunas para a adaptación do presente plan de estudos ás necesidades do alumnado con discapacidade.

*Disposición adicional segunda. Formación do profesorado*

1. A consellería competente en materia de educación propiciará plans de formación do profesorado, relativos ao coñecemento dos principios, a estrutura, a organización, as novas metodoloxías e os sistemas de avaliación e investigación correspondentes ao Espazo Europeo de Educación Superior.

2. Así mesmo, a consellería competente en materia de educación, por proposta dos centros, desenvolverá plans de formación do profesorado para a actualización



e afondamento das disciplinas propias do deseño nos seus diferentes ámbitos, así como formación concreta en galego, con coñecemento do vocabulario específico.

Disposición adicional terceira. *Incorporación de alumnado procedente de plans anteriores*

De acordo co previsto na disposición adicional cuarta do Real decreto 633/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Deseño, establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a consellería competente en materia de educación, a través da dirección xeral correspondente, establecerá o sistema de recoñecemento de créditos ao alumnado procedente de plans de estudos anteriores, debendo superar a formación adicional que se determine.

Disposición adicional cuarta. *Organización de ensinanzas conxuntas con outras institucións de educación superior*

A consellería competente en materia de educación poderá, mediante convenio con outras institucións de educación superiores nacionais ou estranxeiras, organizar ensinanzas conxuntas conducentes á obtención dun único título superior oficial e de máster.

Disposición adicional quinta. *Recursos humanos e materiais*

Atendendo ás directrices do proceso da converxencia das ensinanzas artísticas superiores no Espazo Europeo da Educación Superior, a consellería competente en materia de educación procederá á ordenación dos recursos humanos e materiais, de xeito que se garanta o mellor uso destes recursos, con criterios de racionalidade e eficiencia.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Queda derogado o Decreto 233/2005, do 14 de xullo, polo que se establece o currículo dos estudos superiores de Deseño e se regula o acceso ás ditas ensinanzas.

2. Igualmente, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto. En concreto, queda derogada a Orde do 30 de setembro de 2010 pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao, agás o establecido nos seus artigos 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 18, 19, 20, 22, 24 e 25, así como a disposición adicional segunda, que manterán a súa vixencia en todo o que non se opoña ao disposto neste decreto, en tanto non se diten as normas para o seu desenvolvemento.





Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento do que se establece no presente decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e nove de outubro de dous mil quince

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

#### ANEXO I

### **Competencias transversais e xerais e criterios de avaliación do título superior de Deseño**

#### **Competencias transversais do título superior de Deseño**

Ao rematar os seus estudos os/as titulados/as superiores de Deseño deben posuír as seguintes competencias transversais:

- T1. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
- T2. Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
- T3. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
- T4. Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
- T5. Comprender e utilizar, polo menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.
- T6. Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.



T7. Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.

T8. Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.

T9. Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.

T10. Liderar e xestionar grupos de traballo.

T11. Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.

T12. Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.

T13. Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

T14. Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.

T15. Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

T16. Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.

T17. Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

### **Competencias xerais do título superior de Deseño**

Ao rematar os seus estudos os/as titulados/as superiores de Deseño deben posuír as seguintes competencias xerais:

X1. Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.



X2. Dominar as linguaxes e recursos expresivos da representación e a comunicación.

X3. Establecer relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.

X4. Ter unha visión científica sobre a percepción e o comportamento da forma, da materia, do espazo, do movemento e da cor.

X5. Actuar como mediadores/as entre a tecnoloxía e a arte, as ideas e os fins, a cultura e o comercio.

X6. Promover o coñecemento dos aspectos históricos, éticos, sociais e culturais do deseño.

X7. Organizar, dirixir e/ou coordinar equipos de traballo e saber adaptarse a equipos multidisciplinares.

X8. Propoñer estratexias de investigación e innovación para resolver expectativas centradas en funcións, necesidades e materiais.

X9. Investigar nos aspectos intanxibles e simbólicos que inciden na calidade.

X10. Ser capaces de adaptarse aos cambios e á evolución tecnolóxica industrial.

X11. Comunicar ideas e proxectos aos/ás clientes/as, argumentar razoadamente, saber avaliar as propostas e canalizar o diálogo.

X12. Afondar na historia e na tradición das artes e o deseño.

X13. Coñecer o contexto económico, social e cultural en que ten lugar o deseño.

X14. Valorar a dimensión do deseño como factor de igualdade e de inclusión social e como transmisor de valores culturais.

X15. Coñecer procesos e materiais e coordinar a propia intervención con outros/as profesionais, segundo as secuencias e graos de compatibilidade.

X16. Ser capaces de encontrar solucións ambientalmente sustentables.



X17. Propoñer, avaliar e desenvolver estratexias de aprendizaxe adecuadas ao logro de obxectivos persoais e profesionais.

X18. Optimizar a utilización dos recursos necesarios para alcanzar os obxectivos previstos.

X19. Demostrar capacidade crítica e saber formular estratexias de investigación.

X20. Comprender o comportamento dos elementos que interveñen no proceso comunicativo, dominar os recursos tecnolóxicos da comunicación e valorar a súa influencia nos procesos e produtos do deseño.

X21. Dominar a metodoloxía de investigación.

X22. Analizar, avaliar e verificar a viabilidade produtiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas de mercado.

**Criterios de avaliación dos títulos superiores de Deseño**  
**Criterios de avaliación comúns ás titulacións das ensinanzas artísticas superiores**

1. Afacerse ás condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.

2. Amosar condutas de liderado responsable na xestión de grupos de traballo.

3. Amosar unha actitude autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersoal.

4. Amosar unha actitude de responsabilidade no uso dos medios e recursos ao seu alcance en relación co patrimonio cultural e ambiental.

5. Apreciar a importancia da sensibilización social respecto do valor do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

6. Apreciar a sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.

7. Colaborar de modo integrado en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.



8. Comprender e usar, polo menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.
9. Esforzarse no traballo autónomo.
10. Formular razoada e criticamente ideas e argumentos.
11. Localizar e compilar información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
12. Manexar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
13. Manexar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
14. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
15. Preocuparse por buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
16. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
17. Usar as habilidades comunicativas e amosar unha actitude crítica construtiva no traballo en equipo.
18. Valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

#### **Criterios de avaliación xerais do título superior de Deseño**

1. Amosar unha actitude aberta e positiva respecto das novidades tecnolóxicas, estéticas, sociais e artísticas máis recentes.
2. Aplicar a capacidade de recoñecemento organoléptico e sensorial dos materiais e produtos que interveñen no deseño.
3. Desempeñar eficazmente o traballo especializado en equipos multidisciplinares afectos a proxectos complexos.
4. Coñecer as tipoloxías históricas máis salientables desde o punto de vista estético, funcional e significativo do deseño.



5. Coñecer en profundidade o proceso proxectual nas súas dimensións estética, funcional e técnica.
6. Coñecer as implicacións sociais, económicas e laborais do deseño como feito diferencial nas sociedades avanzadas.
7. Coñecer e respectar a lexislación relativa á profesión de deseñador/a.
8. Coñecer e respectar a lexislación relativa á produción, distribución, venda, uso e goce dos obxectos producidos.
9. Coñecer o contexto social, cultural e económico en que se desenvolve a práctica profesional, con especial atención ao seu contorno máis inmediato pero con atención á súa dimensión global.
10. Coñecer e usar as metodoloxías de estudo e investigación que lle permitan a optimización de recursos e a innovación na súa actividade profesional.
11. Coñecer as características estéticas e funcionais dos produtos deseñados relacionándoas co contexto social, económico e cultural en que se produce.
12. Coñecer os valores significativos do deseño e aplicarlos na actividade proxectual propia.
13. Coñecer en profundidade os materiais propios da súa actividade e prescribir o uso destes en relación coa optimización ergonómica do seu uso e goce, e segundo os criterios dunha economía sustentable.
14. Incorporar á súa actividade as tendencias estéticas e culturais con criterios de significación.
15. Controlar e defender os propios criterios estéticos na mellor defensa dos intereses dos/as consumidores/as, usuarios/as e clientes/as.
16. Introducir no proceso proxectual os valores da creación, a recreación e a innovación como valor engadido ao produto.
17. Expoñer verbal e documentadamente os seus proxectos, en calquera das fases de elaboración destes, a profesionais do sector usando o vocabulario e técnicas de comunicación adecuadas.



18. Expoñer e debater verbalmente os seus puntos de vista sobre a actividade proxectual propia e allea.

19. Expresar a través de recursos técnicos e intelectuais asimilados aos propios conceptos, coñecementos e posicións estéticas.

20. Identificar, coñecer e analizar un repertorio amplo e actualizado de propostas estéticas e funcionais que permita un enriquecemento das propias.

21. Identificar e describir os principios teóricos do deseño.

22. Identificar os principios filosóficos, culturais e políticos dos principais movementos artísticos e intelectuais e describilos de forma clara e completa.

23. Coñecer, describir e analizar as características dun conxunto suficientemente amplo de obras máis representativas do deseño en xeral.

24. Incorporar de xeito creativo e razoado os valores creativos máis significativos da historia do deseño á propia actividade.

25. Ler e interpretar correctamente a documentación gráfica, infográfica e volumétrica que integra o proceso proxectual.

26. Utilizar os métodos de traballo máis apropiados para aumentar a eficiencia e a eficacia da propia actividade como deseñador/a.

27. Manexar recursos expresivos e comunicativos propios do deseño na formulación de propostas e proxectos.

28. Recoñecer os materiais empregados na materialización dos deseños, o proceso da súa produción, transformación e posta a punto como parte integrante do deseño.

29. Recoñecer valores significativos nos deseños alleos, tanto actuais como históricos, desde unha posición de crítica intelectual.

30. Entender a autoformación como un dos recursos máis valiosos para a mellora persoal e profesional ao longo da vida.



### **Criterios de avaliación específicos do título superior de Deseño na especialidade de Gráfico**

1. Amosar unha actitude positiva para a adaptación aos cambios no contorno produtivo e aos retos creativos múltiples.
2. Aplicar as novas tecnoloxías ao ámbito do deseño gráfico nunha variedade de contextos e formatos, incluíndo as colaboracións con outros campos artísticos.
3. Comprender, usar e actualizar as metodoloxías necesarias para a investigación e experimentación no campo do deseño gráfico.
4. Coñecer e valorar as tendencias e propostas máis recentes en distintos campos da creación plástica, visual e comunicativa.
5. Coñecer desde un punto de vista crítico as tendencias principais no campo do deseño gráfico nun amplo abano de épocas e estilos.
6. Coñecer os aspectos expresivos, comunicativos e de significación da obra gráfica producida historicamente, relacionándoa co seu contexto económico e cultural.
7. Coñecer os fundamentos da comunicación gráfica, as características das mensaxes, as posibilidades dos medios de comunicación de masas, e a súa capacidade de influencia individual e social, así como as posibilidades de combinación.
8. Describir e explicar verbalmente un xuízo teórico, analítico, estético e crítico ben estruturado, respecto da obra gráfica propia e allea.
9. Cultivar unha personalidade artística singular e flexible.
10. Identificar, analizar e describir as principais propostas estéticas e formais que se produzan no ámbito social e cultural no que traballa.
11. Interesarse pola investigación e a experimentación gráfica e estética.
12. Interpretar analiticamente a formalización de propostas gráficas en todos e cada un dos aspectos e niveis estruturais que as conforman.





13. Recoñecer e comprender visual e intelectualmente distintos tipos de propostas gráficas e a súa adaptación a unha función comunicativa definida.

14. Utilizar e comprender as técnicas e recursos das principais tendencias estéticas gráficas, históricas e recentes.

### **Criterios de avaliación específicos do título superior de Deseño na especialidade de Interiores**

1. Aceptar e respectar as diferentes funcións subordinadas, participativas ou de liderado que se poden dar na redacción dun proxecto de deseño de interiores.

2. Liderar e coordinar as funcións e intereses dos/as diferentes colaboradores/as na realización das obras de deseño de interiores.

3. Comunicar, como deseñador/a, a estrutura, funcionalidade, valores estéticos de significación e características dun proxecto de deseño de interiores.

4. Coñecer as implicacións técnicas que supón a súa actividade profesional e ser capaz de desenvolverlas nas súas aplicacións prácticas.

5. Coñecer os procesos e recursos propios do traballo de deseño en equipo multidisciplinar, mostrando capacidade de adaptación e flexibilidade ante as exixencias do traballo e capacidade de integración no grupo.

6. Construír unha idea da actividade do/a deseñador/a de interiores coherente e propia.

7. Debater e explicar verbalmente as súas formulacións proxectuais a promotores/as, clientes/as ou usuarios/as, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión destas a colectivos diversos.

8. Dominar a lectura de necesidades funcionais e a formalización de respostas coherentes.

9. Interactuar de xeito coherente e eficaz en todo tipo de proxectos de deseño de interiores participativos, con independencia do seu ámbito ou complexidade.

10. Interpretar a propia actividade como deseñador/a de interiores como unha oportunidade de posta en marcha de prescricións que contribúan ao desenvolvemento de actividades produtivas economicamente sustentables.



11. Dar resposta na propia actividade como deseñador/a ás exixencias ergonómicas, funcionais, construtivas e proxectuais que atendan á diversidade do ser humano practicando un deseño para todas as persoas.

### **Criteria de avaliación específicos do título superior de Deseño na especialidade de Moda**

1. Aceptar e respectar as diferentes funcións subordinadas, participativas ou de liderado que se poden dar na creación dun proxecto de deseño de moda ou colección.

2. Comunicar, como deseñador/a, a estrutura, funcionalidade, valores estéticos de significación e características dun proxecto de deseño de moda.

3. Coñecer as implicacións técnicas que supón a súa actividade profesional e ser capaz de desenvolverlas nas súas aplicacións prácticas.

4. Coñecer os procesos e recursos propios do traballo de deseño en equipo multidisciplinar, mostrando capacidade de adaptación e flexibilidade ante as exixencias do traballo e capacidade de integración no grupo.

5. Construír unha idea da actividade do/a deseñador/a de moda coherente e propia.

6. Debater e explicar verbalmente as súas formulacións proxectuais a promotores/as, clientes/as ou usuarios/as, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión destas a colectivos diversos.

7. Dominar a lectura de necesidades funcionais, tendencias formais e de colorido e a formalización de respostas coherentes.

8. Interactuar de xeito coherente e eficaz en todo tipo de proxectos de deseño de moda participativos, con independencia do seu ámbito ou complexidade.

9. Interpretar a propia actividade como deseñador/a de moda como unha oportunidade de posta en marcha de prescricións que contribúan ao desenvolvemento de actividades produtivas economicamente sustentables.

10. Dar resposta na propia actividade como deseñador/a de moda ás exixencias ergonómicas, funcionais, construtivas e proxectuais que atendan á diversidade do ser humano practicando un deseño de moda para todas as persoas.



11. Coñecer e integrar na propia actividade de deseño de moda, os condicionantes culturais, relixiosos, económicos, comerciais e políticos que supón a produción e comercialización dun produto de consumo universal.

12. Actualizar permanentemente a información relativa aos cambios sociolóxicos para incorporar aos deseños de moda as demandas e tendencias estéticas dos/as consumidores/as.

### **Criterios de avaliación específicos do título superior de Deseño na especialidade de Produto**

1. Aceptar e respectar as diferentes funcións subordinadas, participativas ou de liderado que se poden dar na redacción dun proxecto de deseño dun produto.

2. Comunicar, como deseñador/a, a estrutura, funcionalidade, valores estéticos de significación e características do proxecto dun produto, nun contexto artesanal ou industrial determinado.

3. Coñecer as implicacións técnicas máis significativas que supón a súa actividade profesional e ser capaz de desenvolvelas nas súas aplicacións prácticas, con independencia do xeito concreto da forma de produción en que se atope.

4. Coñecer os procesos e recursos propios do traballo de deseño en equipo multidisciplinar, mostrando capacidade de adaptación e flexibilidade ante as exigencias do traballo e capacidade de integración no grupo.

5. Construír unha idea da actividade do/a deseñador/a de produtos coherente e propia, con independencia das relacións de produción concretas.

6. Debater e explicar verbalmente as súas formulacións proxectuais a fabricantes, clientes/as ou usuarios/as, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión destas a colectivos diversos.

7. Dominar a lectura de necesidades funcionais e a formalización de respostas coherentes no deseño e na produción de obxectos.

8. Interactuar de xeito coherente e eficaz en todo tipo de proxectos de deseño de produtos participativos, con independencia do seu ámbito de formalización, complexidade ou produción.



9. Interpretar a propia actividade como deseñador/a de produtos como unha oportunidade de posta en marcha de prescricións que contribúan ao desenvolvemento de actividades produtivas economicamente sustentables.

10. Dar resposta na propia actividade como deseñador/a de produtos ás exigencias ergonómicas, funcionais, construtivas e proxectuais que atendan á diversidade do ser humano practicando un deseño para todas as persoas.

11. Actualizar permanentemente información relativa aos cambios sociolóxicos, ás relacións de produción e distribución de produtos e incorporar as súas consecuencias á propia actividade de deseño.

## ANEXO II

### **Competencias específicas, perfil profesional, cadre lectivo, descritores/contidos e competencias das disciplinas do título superior de Deseño na especialidade de Gráfico**

#### **Competencias específicas do título superior de Deseño na especialidade de Gráfico**

Ao rematar os seus estudos, os/as titulados/as superiores de Deseño na especialidade de Gráfico deben posuír as seguintes competencias específicas:

EG1. Xerar, desenvolver e materializar ideas, conceptos e imaxes para programas comunicativos complexos.

EG2. Dominar os recursos formais da expresión e a comunicación visual.

EG3. Comprender e utilizar a capacidade de significación da linguaxe gráfica.

EG4. Dominar os procedementos de creación de códigos comunicativos.

EG5. Establecer estruturas organizativas da información.

EG6. Interrelacionar as linguaxes formal e simbólica coa funcionalidade específica.

EG7. Determinar e, de ser o caso, crear solucións tipográficas adecuadas aos obxectivos do proxecto.

EG8. Coñecer as canles que sirvan de soporte á comunicación visual e utilízalas conforme os obxectivos comunicativos do proxecto.



EG9. Analizar o comportamento dos/as receptores/as do proceso comunicacional en función dos obxectivos do proxecto.

EG10. Aplicar métodos de verificación da eficacia comunicativa.

EG11. Dominar os recursos tecnolóxicos da comunicación visual.

EG12. Dominar a tecnoloxía dixital para o tratamento de imaxes, textos e sons.

EG13. Coñecer o contexto económico, social, cultural e histórico en que se desenvolve o deseño gráfico.

EG14. Comprender o marco legal e regulamentario que regula a actividade profesional, a seguridade e saúde laboral e a propiedade intelectual e industrial.

EG15. Reflexionar sobre a influencia social positiva do deseño, valorar a súa incidencia na mellora da calidade de vida e do ambiente e a súa capacidade para xerar identidade, innovación e calidade na produción.

### **Perfil profesional do título superior de Deseño na especialidade de Gráfico**

O/a deseñador/a gráfico/a é un/unha creador/a cuxa actividade ten por obxecto a utilización da linguaxe gráfica para xerar mensaxes e comunicar contidos de natureza diversa con diferentes medios e para as distintas canles de comunicación. Os ámbitos principais en que desenvolve a súa actividade son:

Identidade corporativa e visual.

Deseño editorial.

Produción gráfica.

Deseño de envases e embalaxes.

Dirección de arte en publicidade.

Deseño audiovisual.

Grafismo en televisión.

Deseño multimedia.

Deseño de interacción, deseño web.



Deseñador/a ambiental: gráfica e comunicacións aplicadas ao espazo.

Deseño de material didáctico.

Investigación e docencia.

### **Cadro lectivo do título superior de Deseño na especialidade de Gráfico**

Para os efectos do presente decreto, as abreviaturas que figuran no cadro lectivo do título superior de Deseño na especialidade de Gráfico, teñen o seguinte significado:

Carácter: carácter da disciplina (F.B.: formación básica, O.E.: obrigatoria na especialidade, Op.: disciplinas optativas).

Tipo: T.: teórica, T.P.: teórico-práctica, P.: práctica.

Horas clase/semana: horas de clase programadas semanalmente coa presenza do/a profesor/a.

Horas clase/curso: horas totais de clase coa presenza do/a profesor/a, que unha disciplina debe ter ao longo do ano académico.

Créditos ECTS: créditos ECTS asociados a unha disciplina, e que se lle recoñecerá ao alumnado logo de superala.

O plan de estudos conducente ao título superior de Deseño na especialidade de Gráfico esténdese ao longo de 38 semanas lectivas completas para cada un dos cursos académicos en que se desenvolve.

### **Cadro lectivo: 1º curso de gráfico**

Materia	Disciplina	Carácter	Tipo	Horas clase/semana	Horas clase/curso	Créditos ECTS
Fundamentos do deseño.	Fundamentos do deseño.	F.B.	T.P.	2	72	4
	Deseño básico.	F.B.	T.P.	3	108	8
Linguaxes e técnicas de representación e comunicación.	Debuxo artístico.	F.B.	T.P.	5	180	10
	Volume.	F.B.	T.P.	4	144	8
	Sistemas de representación.	F.B.	T.P.	2	72	6
	Tecnoloxía dixital.	F.B.	T.P.	3	108	6
Historia das artes e o deseño.	Historia das artes e o deseño.	F.B.	T.	3	108	6



Ciencia aplicada ao deseño.	Ciencia aplicada ao deseño.	F.B.	T.	2	72	6
Tecnoloxía aplicada ao deseño gráfico.	Laboratorio de imaxe.	O.E.	T.P.	3	108	6
Totais:				27	972	60

### Descritores/contidos e competencias das disciplinas do 1º curso do plan de estudos do título superior de Deseño na especialidade de Gráfico

Disciplina:	Curso:	Especialidade:
Fundamentos do deseño	1º	Gráfico
Descritor/contidos: – Coñecementos básicos do deseño: estrutura, forma, cor, espazo e volume. – Análise da forma, composición e percepción. – Antropometría, ergonomía e introdución á biónica. – Teoría, metodoloxía, ideación e concepción do proxecto.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
	T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
	T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
	T6	Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.
	T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
	T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
	T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
	T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
Xerais	X1	Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.
	X2	Dominar as linguaxes e recursos expresivos da representación e a comunicación.
	X3	Establecer relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.
	X6	Promover o coñecemento dos aspectos históricos, éticos, sociais e culturais do deseño.
	X20	Comprender o comportamento dos elementos que interveñen no proceso comunicativo, dominar os recursos tecnolóxicos da comunicación e valorar a súa influencia nos procesos e produtos do deseño.
	X21	Dominar a metodoloxía de investigación.
Específicas	EG1	Xerar, desenvolver e materializar ideas, conceptos e imaxes para programas comunicativos complexos.
	EG2	Dominar os recursos formais da expresión e a comunicación visual.
	EG4	Dominar os procedementos de creación de códigos comunicativos.



Disciplina:		Curso:	Especialidade:
Deseño básico		1º	Gráfico
Descritor/contidos: – Fundamentos do deseño: técnicas de creatividade. – Metodoloxía do deseño. Fundamentación práctica dos procedementos, técnicas, linguaxes e metodoloxías de realización do proxecto. Ideación e realización. – Aplicación práctica dos criterios de análise, síntese e metodoloxía. Criterios de decisión. – Modelos, maquetas e prototipos. – Resolución de proxectos.			
Competencias que se adquiren			
Transversais	T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.	
	T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.	
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.	
	T6	Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.	
	T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.	
	T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.	
	T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.	
